



D. Juan Carlos Epifanio Lemos, Secretario da Sociedade Galega de Ornitología, en nome e representación de dita Sociedade.

EXPÓN

Que nos últimos días, no sector de Arneiro-Veiga de Pumar (Cospeito e Castro de Rei (Lugo) estáanse a iniciar as obras denominadas “Mejora y modernización del regadío de la comunidad de regantes del río Miño-Pequeño, Terra Chá (Lugo)”

DENUNCIA

Que ditas obras incumpren:

- 1- A Resolución de 13 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático, sobre a decisión de non sometemento a avaliación de impacto ambiental de dito proxecto, onde textualmente se especifica que “Con objeto de protexer a riqueza avifaunística da zona, que inclúe especies de elevado interese ecolóxico e distintos grados de protección como o sisón, alcaraván, aguilucho cenizo, zarapito real, milano negro, etc., a documentación indica que se executará o plan de obra evitando as actuacións molestas na época de reprodución e cría das especies. Antes de comezar as obras se realizará un recoñecemento da zona co fin de situar os nidos.”
- 2- As Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE. O Sisón (*Tetrax tetrax*) e o Alcaraván (*Burhinus oecdinemus*) están incluídos no Anexo I da citada Directiva 79/409/CEE, ademais de estar catalogados coma en “Perigo de Extinción” no derradeiro Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Atte.: Juan Carlos Epifanio Lemos

Secretario da Sociedade Galega de Ornitología

